


**Propostas de normalización  
lingüística  
Secundaria / 2017-2018**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

# Club de Debate

## Obxectivos:



- Favorecer o uso oral en contextos formais e informais.
- Incitar ao pensamento crítico sobre a realidade e nomadamente sobre a situación da lingua.
- Practicar o traballo en equipo e a tolerancia coas opinións diverxentes

## Como e cando?

Liga de debate con outros concellos.

Para alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º de BAC.

Por equipos mixtos entre 4 e 10 participantes.

Cunha persoa adulta como preparadora.

Xornada de formación, en grupo.

Premios:

Fase eliminatória: 500 e 300 €


Final: unha fin de semana en Penavetura para 25 persoas

Inscripción ata o 30 de novembro.

Final prevista: 5 de maio na comarca de Ferrol

Tema do debate da final proposto: As TIC favorecen o uso do galego

Tema da fase eliminatória: tratarase cos centros que se inscriban, non necesariamente de contido lingüístico.





[www.facebook.com/Club de Debate](http://www.facebook.com/Club de Debate)

# Obradoiros de portugués

## Obxectivos

- Valorar o galego como parte dun sistema lingüístico internacional.
- Facilitar a lectura de textos escritos coa ortografía portuguesa, descubriendo correspondencias entre os sons do galego oral.
- Achegarse de xeito transversal a contidos sobre os países lusófonos e sobre as profesións.



# Como e cando?

Entre o 2 de novembro e o 15 de decembro.

Obradoiros de 100 minutos para grupos-aula.

Nun espazo do centro no que haxa proxector, pantalla e saída de audio.



**OPS!**

### Obradoiros de portugués

Ops! é o que exclamamos cando nos decatamos de algo que xa sabiamos.  
Ops! é un obradoiro para mostrar ao alumnado que o galego é unha entrada privilexiada para o mundo en portugués e unha vantaxe competitiva no marco europeo.

<b>Para quen?</b>	<b>Como</b>	<b>Cando</b>
Para grupos-aula dos centros de secundaria de Compostela	Obradoiro de 100 minutos. Nunha aula do centro solicitante, na que haxa proxector, pantalla e saída de audio.	Entre o 10 de outubro e o 15 de decembro, nas datas e horas que propoñan os centros.

**Inscrición:**  
Por correo electrónico ao Departamento de Lingua do Concello até o 30 de setembro. Indicar centro, contacto, número de participantes e horario. Ofrecense 10 obradoiros en total, que se asignarán tendo en conta a demanda dos centros e a orde de chegada das solicitudes.

**Imparte: Associação Galega da Língua**

# Enreguéifate

## Obxectivos

- Divulgar o coñecemento da regueifa, especialmente entre a poboación xuvenil.
- Achegar recursos e formación para facilitar a práctica desta forma de improvisación oral en verso.
- Incentivar a práctica da regueifa.
- Colaborar a que existan espazos nos que se practique a regueifa como forma de expresión, comunicación, participación e divertimento.



## Como e cando?

### **Xornada de formación para o profesorado**

En colaboración con outros concellos.

### **Obradoiros de regueifa nos centros**

90 minutos. No segundo trimestre.

Seguindo o decálogo da regueifa que promove a corrección e adecuación lingüística e a regueifa sen sexismo nin homofobia.

### **Certame de regueifas en vídeo**

Categoría xeral e escolar. Primavera.

Recoñécense as regueifas máis regueifa máis brava, máis aguda, diversa, reivindicativa, mellor cantada e mellor falada.

Os premios son simbólicos: regueifas. Entréganse na Regueifesta.

Os vídeos que sexan autorizados divúlganse nas redes:

[www.facebook.com/Enregueifate](http://www.facebook.com/Enregueifate)

### **Regueifesta**

Encontro con outros proxectos de impulso da regueifa. Inclúe a entrega dos premios do Enreguéifate e mostra de diversas formas de improvisación oral. Aberta á participación dos centros que se anoten. No Auditorio de Galicia en maio.





# Atopando Compostela


Adaptación para web do xogo de mesa sobre a toponimia compostelá que se distribuíu nos centros hai algúns anos.



Movéndose por un taboleiro en que se representa a rosa dos ventos, formúlanse preguntas dalgunha das seis temáticas tratadas: medio, animais, plantas, xente, outros e probas. Por cada resposta atinada polos grupos xogadores, recibirán unha peza dun quebracabezas co mapa do concello. O grupo que primeiro consiga todas as pezas e as encaixe acertadamente, será o que acade o obxectivo do xogo.

## Obxectivo:

Contar con materiais que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe e potencien a análise e valoración do patrimonio lingüístico



# Youtubeir@s



## Obxectivos:

- Fomentar a creación e publicación de vídeos na rede, de opinión e titoriais, en galego.
- Promover que os nosos contidos tamén se divulguen nas redes e na nosa lingua.
- Converter youtubers e yoububeiras e youtubeiros.

## Como e cando?

Premios Youtubeir@s:

- mellor vídeo-facermos >> 1.000€
- mellor vídeo-opinarmos >> 1.000€
- mellor canle >> 1.000€
- creatividade >> 500€
- eficiencia comunicativa >> 500€
- calidade técnica >> 500€
- calidade lingüística >> 500€
- premio do público #propostayoutubeira >> 500€




Obradoiros formativos para youtubeir@s (fóra dos centros)

Prazo para participar: do 1 de decembro ao 15 de marzo.

A partir de 14 anos.

<http://youtubeiras.gal>

## Outros:



**e colaboracións con propostas que  
chegan da comunidade:**

**Correlingua**

**aRitmar**

**....**

# Departamento de Lingua Galega

[dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal)

**Tfno.: 981 542 409**

<http://www.facebook.com/linguagalegasantiagodecompostela>



**COMPOSTELA**

*capital da lingua*



CONCELLO DE  
SANTIAGO